


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

10-11 de setembro do 2022

XXIV ORDINARIO C



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 53 Onda Ti no Pai neste día*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe Xesús vainos mostrar como é o Deus que quere que coñezamos.

Nós empeñámonos en querer entender a Deus coa intelixencia, e isto escápasenos das mans. A intelixencia e a razón non son ferramentas suficientes para entender a Deus.

Xesús, coa parábola de hoxe, simplifica as cousas para dicirnos que Deus é o Noso Pai, a Nosa Nai. Todos temos a experiencia de amor materno e paterno, por iso podemos comprender perfectamente que, para Deus, cada un de nós somos únicos.

Nesta celebración acerquémonos a Deus coa sinxeleza coa que un fillo se acerca a un Pai, a unha Nai, sabendo que El está á nosa procura para poder compartir vida.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Sabernos cristiáns é estar nas mans dun Pai que nos acolle cos brazos abertos e nos agasalla co seu amor. Como fillos acudimos a El para pedirlle perdón porque sabemos que nin sempre o facemos ben con El, nin o facemos ben cos demais, nin o facemos ben coa natureza:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón porque seguimos murmurando, criticando e xulgando aos demais, aos que non fan as cousas coma nós, e non sempre temos a razón. Señor, téndenos a túa man
- ✓ Porque a nosa comodidade, impídenos, tantas veces, ter tempo para ir buscar e axudar a quen se atopa perdido e só diante das encrucilladas da vida. Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Por termos esquecido que Ti sempre estás de parte dos pequenos, dos humillados, dos desprezados, aos que nós temos que acoller e agarimar. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio o que rebule no noso interior e as nosas intencións para esta semana.*

(Silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, Creador e Señor do universo, óllanos con bondade, e fai que experimentemos o poder da túa misericordia, para nos dedicarmos de todo corazón a facer realidade o evanxeo. Pedímoscho por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O evanxeo que hoxe imos escoitar non é para xulgar aos fillos, é sobre todo para amosar a grandeza do amor do Pai.*

Ser pai ou nai leva a un amar sen condicións, por iso moitas veces, como pais, facemos e aceptamos cousas dos nosos fillos que para nada as facemos nin aceptamos nos fillos dos demais. Isto non ten por que ser malo, é só froito de que o amar de pai e nai supera a todos os demais amares. E Deus é Pai e Nai.

No Leccionario I C páx 249 1 Tim 1, 12-17 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Doulle grazas a Cristo Xesús, noso Señor que me enforteceu, porque confiou en min, encomendándome o ministerio; a min que fora un blasfemo, perseguidor e inxuriador. Pero compadeceuse, porque eu obrei, por ignorancia, sen ter aínda fe; e a graza do noso Señor sobreabundou coa fe e o amor, que hai en Cristo Xesús.

Esta é palabra segura merecente de que todos a acollan: que Cristo Xesús veu ao mundo para salvar os pecadores, dos que eu son o primeiro. Pero por iso mesmo compadeceuse, a fin de que Cristo Xesús amosase en min, o primeiro, toda a súa paciencia coma exemplo para os que habían crer nel para lograr a vida eterna.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separa de Ti SALMO*

(en pé) *No Lecc I C páx 250 Lc 15, 1-7.11-32 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

- Este acolle os pecadores e come con eles.

Entón Xesús contoulles esta parábola:

- Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: "Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera". Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión.

E dixo tamén:

- Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ao pai: "Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde". El repartiulle os seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido.

Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coidar os porcos. Alí chegou a ter gana de encher o estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapacitando, pensou: "¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro".

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou: "Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo".

Pero o pai díxolles aos seus criados: "Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo". E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e máis o baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle: "Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou matar o cuxo cebado por recuperalo san e salvo". Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. El díxolle: "Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para farrear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con mala vida, e fas festa".

O pai contestoulle: "Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?".

Palabra do Señor

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Seguindo o camiño de Xesús proclamamos agora a nosa fe, sabéndonos fillos e fillas nas mans dun Deus que nos quere ben. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

o Pai que nos amosa Xesús no evanxeo de hoxe, e que ama a todos sen diferenza desexando que todas as persoas sexan tratadas con misericordia e acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós fraternidade, perdón, e acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a colaborar a prol de tantas persoas necesitadas de seren tratadas con xustiza e agarimo e que están esquecidas na pobreza, na fame, na emigración, na contaminación, nos abusos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos esforzos, para ser nai que acolle, abraza e sempre está aí, cerquiña?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos como familia coa certeza de que o Noso Pai Deus vai escoitar a nosa oración, e dicimos: Señor, acolle a oración dos teus fillos*

Monitor/a

- ✓ Como a igrexa que somos, pidamos por todos nós para que na vida parroquial do día a día sexamos exemplo de amar, de acoller, de comprender. Oremos
- ✓ Como a comunidade que somos, pidamos para que sempre esteamos dispostos a ir buscar a quen se sente perdido pola enfermidade, pola vellez, pola soidade... e espera de nós cercanía, axuda e comprensión. Oremos
- ✓ Pidamos por cada un e cada unha de nós, que tantas veces nos sentimos perdidos, para que saibamos redescubrir na nosa vida a ledicia de sabérmonos agarimados, buscados e sempre acompañados polo Deus amor. Oremos
- ✓ Pidamos polos nenos e nenas, que acaban de empezar escola, para que lles axude a medrar en actitudes humanizadoras. Oremos

Celebrante: *Pai, grazas por escoitar esta nosa oración compartida, e grazas por escoitar tamén as pregarías que quedan gardadas no noso corazón. Por Cristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Coa liberdade de sentirnos neste fogar de igrexa, comprometéndonos co Deus que é Pai, sabendo que sempre está á nosa beira acolléndonos, pómonos nas súas mans para dicirlle o aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *O noso Pai Deus uniunos nunha soa familia para que compartamos a nosa vida con todos en amor e paz como irmáns. É fácil dicilo, pero máis difícil vivilo. Son moitos os conflitos, é moita a paz que necesita ser sementada. Está nas nosas mans facelo mellor.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús. Un camiño que nos volve ás mans de Deus Pai, que quere facer festa e convite con todos. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 55 No colo da miña nai

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor,
ti concediches a túa Igrexa os dons eternos.

Axúdanos a medrar no evanxeo,
de xeito que con palabras e feitos
sexamos testemuñas da vida
de Xesucristo noso Señor. Amén.


Xesús non se cansará de amosarnos o grande que é o amor de Deus; ensinándonos que El é Pai e Nai con cada un de nós.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado nos sigan dando azos para sementar fraternidade neste mundo tan cheo de violencia, como nos lembra Ucraia ou o aniversario do sucedido o 11 S.

Non esquezamos que temos un Deus que nos espera cada día cos seus brazos abertos e cheos de agarimo. Nós, fagámolo ben.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



“Deus é o Pai que nos espera e agarima nas súas mans”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe



“É o Pai que acolle a todos”